

X. M. Álvarez Cáccamo retorna ás súas raíces familiares nun singular libro de memorias

FICHA TÉCNICA: 144 pp. 13 x 23 cms
ISBN 978-84-18567-89-6. PAPEL FSC. PVP:17 €



SANTIAGO DE COMPOSTELA, FEBREIRO DE 2026.- **Árbore Arriba. Memoria das orixes** é o título da nova obra do poeta, narrador e ensaísta Xosé María Álvarez Cáccamo, Pepe Cáccamo, que Alvarellos Editora publica a comezos deste 2026 na Colección Oeste.

Esta obra **completa e talvez culmina** un proxecto moi persoal do autor: **a narración da súa memoria familiar**, un dos eixes da súa creación literaria.

«Gabeo árbore arriba na procura das miñas raíces familiares –afirma o poeta–. Os alicerces de calquera xenealoxía humana dispóñense na altura, non asentan na terra. Son raíces aéreas».

Polo tronco principal da súa estirpe ascende o autor ata as pólas dos seus oito bisavós e bisavoas e, de xeración en xeración, vai tecendo o relato das singulares peripecias vitais dos devanceiros apelidados **Cáccamo, Ambrosino, Friebe, Zimmermann, Blázquez, Ballester, Álvarez e Limeses**, a carón das fotografías que os identifican.

Xosé María Álvarez Cáccamo, *Pepe Cáccamo* (Vigo, 1950) é autor dunha extensa e significativa obra poética, mais tamén de narrativa, literatura infantil e xuvenil ou ensaio. Dentro da súa traxectoria narrativa cómpre destacar o seu proxecto memorialístico, que iniciou en 2006 con *Memoria de poeta*, continuou en 2008 con *Tempo do pai* e pon agora o ramo con esta *Árbore arriba. Memoria das orixes*. Practica tamén o exercicio da poesía visual e o poema obxecto, que mostrou en diversas exposicións, algunhas delas en coautoría con Baldo Ramos, e tamén en volumes como *Criptografías* (Alvarellos Editora, 2022). Cáccamo recibiu o Premio da Crítica de España en 1986 por *Os documentos da sombra*, foi Premio Esquíu de poesía en 1986 por *Luminoso lugar de abatimento*, Premio da Crítica de Galicia en 1998 por *A escrita das aves de marzo*, Premio Miguel González Garcés en 1999 por *Vocabulario das orixes*, Premio «O Escritor na súa Terra» da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) en 2015 e Premio da Cultura Galega en 2018.



Para contactar co autor: caccamo326@gmail.com

